

# XORNADA

*de presentación*

Estudar na Facultade de Ciencias  
Empresariais e Turismo de Ourense



Desenho: Área de Imaxe, Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

**9 de setembro de 2024**  
10.30 h  
Aula magna José Ángel Valente  
Facultade de Ciencias  
Empresariais e Turismo  
Campus de Ourense

# XORNADA

## de presentación

Estudar na Facultade de Ciencias  
Empresariais e Turismo de Ourense



9 de setembro de 2024  
10.30 h  
Aula magna José Ángel Valente  
Facultade de Ciencias  
Empresariais e Turismo  
Campus de Ourense

Universidade de Vigo

## Breve historia da FCETOU

Tras a concesión do segundo ciclo da Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas no 2001, créase a Facultade de Ciencias Empresariais, no Edificio Xurídico-Empresarial situado na parte nova do Campus Universitario de Ourense. No curso 2003-2004 comeza a impartirse a Diplomatura de Turismo e cámbiase o nome do centro a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo. No 2006-2007 comeza o proceso de implantación de novas titulacións de grao, posgrao e doutoramento xa integradas no Espazo Europeo de Educación Superior e ponse en marcha o Mestrado interuniversitario en dirección e planificación do turismo. No curso 2008-2009 comeza o Mestrado universitario en creación, dirección e innovación na empresa. O ano seguinte, implántanse os graos en Administración e Dirección de Empresas e en Turismo. E no 2010-2011 implántase o novo grao en Consultoría e Xestión da Información. De seguido, comeza a impartirse o Mestrado universitario en xestión empresarial do deporte, e o Mestrado en dirección e planificación do turismo pasa a ser Mestrado en dirección e planificación do turismo interior e de saúde. No 2013-2014 implántase o programa conxunto de estudos de Administración e Dirección de Empresas e Enxeñaría Informática (ADE-EI) e no curso seguinte implántase o programa conxunto de estudos de Administración e Dirección de Empresas e Dereito (ADE-DER). Comenza a docencia en inglés en ADE. No 2017 implántase o Programa Conxunto Turismo-Xeografía e Historia e no 2018 é a primeira promoción do Programa de recoñecemento mutuo de estudos: Bachelor of Arts in Business Administration (Hochschule, Bremerhaven)-Grao en ADE, do Programa Conxunto de estudos de Administración e Dirección de Empresas e Enxeñaría Informática (ADE-EI) e do Programa Conxunto de estudos de Administración e Dirección de Empresas e Dereito (ADE-DER). No curso 2021-2022 tel lugar a impartición do título propio Titulado/a Universitario/a en Cultura e Sociedade e inicio do proceso para acadar a mención dual do grao en Turismo. Comeza o doutorado interuniversitario en Turismo.

## Destinatarios

Alumnado de novo ingreso nos primeiros cursos de ADE, Turismo, PCEO ADE-Dereito, PCEO Turismo- Xeografía e Historia e PCEO ADE-Informática.

## Obxectivos

- Facilitar ao alumnado o tránsito dende o ensino de secundaria ao ensino universitario.
- Presentar ao alumnado de novo ingreso os graos da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo.
- Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas o seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo.
- Presentar as actividades.

## Programa

### 10.35 h Recepción e benvinda. Presentación do equipo decanal

Prof. Dra. María Montserrat Cruz González (Decana)  
Prof. Dr. Juan Manuel de los Ríos Sánchez (Secretario)  
Prof. Dr. Francisco Tugores Martorell (Vicedecano de organización académica e alumnado)  
Prof. Dr. Francisco Javier Sánchez Sello (Vicedecano de estudos de graos e relacións coa empresa)  
Prof. Dra. María Beatriz González Sánchez (Coordinadora de Internacional).  
Prof. Dr. Marcos Álvarez Díaz (Coordinador do Grao en Administración e Dirección de Empresas, do PCEO ADE-Dereito e do PCEO ADE- Informática e Coordinador Erasmus).  
Prof. Dra. María Dolores Rivero Fernández (Coordinadora do Grao en Turismo e do PCEO Turismo-Xeografía e Historia)

### 10.40 h Organización da docencia na Facultade

Prof. Dr. Francisco Tugores Martorell  
Prof. Dr. Marcos Álvarez Díaz  
Prof. Dra. María Dolores Rivero Fernández

### 10.50 h As guías docentes e o uso da plataforma Moovi. Infraestruturas

Prof. Dr. Juan Manuel de los Ríos Sánchez  
Prof. Dra. Vanessa María Suarez Porto

### 11.00 h QSP, enquisas e PAT

Prof. Dra. Vanessa María Suarez Porto Sánchez  
Prof. Dr. Francisco Tugores Martorell

### 11.10 h Estudar no estranxeiro. Programa de docencia en inglés. Recoñecemento mutuo de estudos FCETOU-Hochschule Bremerhaven (Alemaña)

Prof. Dra. María Beatriz González Sánchez

### 11:20 h. Delegación de alumnado

Representantes da delegación do alumnado

## Información

Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo  
Campus de Ourense. Campus Auga  
32004 Ourense  
fcetou.uvigo.es  
Tel. 988 368 800 (Secretaría do decanato)